

ACUERDO DE COLABORACIÓN ENTRE EL SERVICIO GALLEGO DE SALUD Y LA ENTIDAD BOEHRINGER INGELHEIM ESPAÑA, S.A. PARA LA PARTICIPACIÓN EN LA REALIZACIÓN DEL DOCUMENTAL SOBRE LA EVOLUCIÓN DE LOS 25 AÑOS DE LAS TRANSFERENCIAS SANITARIAS A LA COMUNIDAD AUTÓNOMA DE GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou coa entidade BOEHRINGER INGELHEIM ESPAÑA, S.A. o instrumento convencional arriba referido con vixencia dende a súa sinatura ata a realización do evento e o cumprimento íntegro das obrigas asumidas polas partes e, en todo caso, ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A participación da entidade BOEHRINGER INGELHEIM ESPAÑA, S.A. no documental da evolución do Servizo Galego de Saúde nos seus 25 anos de vida, a través do que se pretende dar a coñecer os datos mais significativos da actividade asistencial do mesmo, a promoción da donación de órganos e sangue, a evolución dos medios diagnósticos e terapéuticos e a posta en valor da labor dos seus profesionais.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundaméntase no seguinte:

Nos distintos actos conmemorativos que veu realizando o Servizo Galego de Saúde co fin de divulgar os distintos cambios organizativos, asistenciais, tecnolóxicos e normativos que

se produciron dende as transferencias e funcións do INSALUD á Comunidade Autónoma de Galicia. Que a entidade BOEHRINGER INGELHEIM ESPAÑA, S.A. ten entre os seus obxectivos traballar para ofrecer produtos e servizos que axuden a mellorar a calidade de vida dos pacientes, á sociedade en xeral e contribuír a xerar coñecemento e colaborar na mellora da calidade asistencial.

Por este motivo, a entidade citada está interesada en participar e colaborar no desenvolvemento das actividades divulgativas e formativas que se están realizando, en concreto, na realización do citado documental, a fin de sumar o seu apoio á conmemoración do 25 aniversario ao que se refire o acordo asinado.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 31 de xaneiro de 2017.